



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

En Galicia eu nacín
i en Galicia quero estar-e,
porque se estou noutras terras
non fago máis ca chorar.

*Viva a nosa Galicia,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Cada vez que che me acordan
aquiles porcos cebados
io sequeiro dos chaureles
que se fai todos os anos.

*Viva a nosa Galicia,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Os touciños i os pernís
nas gancheiras do cañizo,
un torredemo pide outro
bebendo cuncas de viño.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

O leiteño das vaquiñas
que fai dous dedos de nata,
ovos frescos das galiñas
toca a dous nas rateiradas.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*



Pra facer tortillas gordas
e torradas ben delgadas
coméndoas tras do lume
cando hai nevaradas.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Chourellos, mazás asadas,
no borrarallo da lareira
déixame estar en Galiza
no tempo da castañeira.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Cando a galiña abre a boca
alá polo vran arriba
debaixo da ramalleira
déixame estar en Galiza.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Mentras es un rapaz novo
debes de buscar a vida,
vaite ganar o que poidas
e despois volve a Galicia.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Moitas máis cousas diría
das boas cousas que hai eiquí
pero a xente doutras terras
non ten ganas de me ouvir.



*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*

Viva o pobo de Chantada
i a xuventud que o anima,
viva o pobo de Chantada
que é o corazón de Galiza.

*Viva a nosa Galiza,
viva a nosa rexión
i o pobo de Chantada
que del é o corazón.*